

## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 4 DE XULLO DE 2019

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 28 de xuño de 2019.
2. Aprobar as guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2019/2020 coa advertencia de que as guías das materias optativas: “Dereito de danos e responsabilidade civil” e “Unión Europea, Constitución e medio ambiente” deben ser corrixidas antes da súa publicación.
3. Solicitar aos Departamentos que no momento da elaboración do correspondente POD non asignen, na medida que sexa posible, a coordinación das materias ao profesorado que estea de baixa médica e se prevea que continúe na devandita situación para que se poidan elaborar as guías docentes en tempo e forma.
4. Aprobar todas as guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2019/2020.
5. Designar á Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta Fernández Prieto como representante da Facultade de Dereito na comisión dos Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus da Auga.
6. Respecto aos Traballos de fin de grao para o curso académico 2019/2020:
  - a) Fixar os prazos de entrega de solicitudes para a presentación e defensa pública do Traballo de fin de grao.
  - b) Delegar na Secretaria da Facultade a incorporación das datas que se aproben na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo para a defensa do Traballo de fin de grao en ADE para excluír esas datas, cando coincidan, do prazo de defensa do Traballo de fin de grao en Dereito do alumnado do PCEO.

Ourense, 5 de xullo de 2019



Concepción Martínez Martínez  
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 4 de xullo de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 5 de xullo de 2019.

Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.